



DATOS IDENTIFICATIVOS

Institucións e políticas da Unión Europea

Materia	Institucións e políticas da Unión Europea			
Código	003G440V01209			
Titulación	Grao en Relacións Internacionais			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	2c
Lingua de impartición	Inglés			
Departamento				
Coordinador/a	Movilla Pateiro, Laura			
Profesorado	Movilla Pateiro, Laura			
Correo-e	lauramovilla@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	O estudo desta materia permitirá ao alumnado coñecer mellor a súa condición de cidadán europeo, e, sobre todo, ampliará a súa comprensión da dimensión xurídica da Unión Europea así como o seu papel fundamental nas Relacións Internacionais			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nun área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e adoita atoparse a un nivel que, se ben se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan una reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Apreciar a diversidade e a multiculturalidade
B2	Adquirir a habilidade para traballar nun contexto internacional
B3	Identificar aspectos esenciais de culturas e costumes doutros países
B4	Formarse na resolución de problemas
B5	Adquirir coñecementos xerais básicos
B6	Adquirir a capacidade de organizar e planificar
B7	Adquirir a capacidade de tomar decisións
B8	Formarse no deseño e a xestión de proxectos
B9	Adquirir a capacidade de adaptarse a novas situación
C4	Desenvolverse no exercicio dunha cidadanía respectuosa coa cultura democrática, os dereitos humanos e a perspectiva de xénero, nos distintos ámbitos de coñecemento e na práctica profesional, co obxectivo de acadar una sociedade mais xusta e igualitaria.
C7	Desenvolver a capacidade de traballar en equipas interdisciplinares ou transdisciplinares para ofrecer propostas que contribúan a un desenvolvemento sostible ambiental, económico, político e social.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade
D1	Analizar información relacionada con fontes e feitos internacionais en entornos xeopolíticos, económicos e xurídicos complexos, presenciais ou virtuais
D2	Comprender a estrutura, as competencias e o funcionamento das institucións e organización internacionais, así como as súas relación con outros actores, estatais e non estatais

D3	Coñecer os conceptos, teorías e técnicas aplicadas á análise dos actores e relacións internacionais, tanto no ámbito universal coma no rexional, cunha perspectiva tanto histórica coma contemporánea
D6	Comprender os desafíos á seguridade internacional e o valor da mediación e resolución de conflitos de forma pacífica

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Coñecer mellor a súa condición de cidadán europeo, e, sobre todo, ampliar a súa comprensión da dimensión xurídica da Unión Europea así como o seu papel fundamental nas Relacións Internacionais	A1 A2 A3 A4 A5	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9	C4 C7 C8	D1 D2 D3 D6

Contidos

Tema	
Tema 1. Orixe, evolución histórica e configuración xurídica da UE	<ol style="list-style-type: none"> 1. Principais fitos históricos do proceso de integración europea 2. A adhesión e retirada de Estados Membros 3. Configuración xurídica: a UE como Organización Internacional 4. Valores, obxectivos e principios 5. O sistema de competencias
Tema 2. Institucións da UE	<ol style="list-style-type: none"> 1. Consideracións xerais 2. O Consello Europeo 3. O Consello 4. O Parlamento Europeo 5. A Comisión 6. O Tribunal de Xustiza da UE 7. Outras institucións e órganos
Tema 3. Ordenamento xurídico da UE, dereitos humanos e cidadanía europea	<ol style="list-style-type: none"> 1. O Dereito orixinario 2. O Dereito derivado 3. O proceso de formación do Dereito derivado 4. Principios, desenvolvemento e execución do Dereito da UE 5. O proceso de incorporación dos dereitos fundamentais no Dereito da UE. A Carta de Dereitos Fundamentais da UE 6. A Cidadanía Europea 7. O Espazo de liberdade, seguridade e xustiza
Tema 4: Políticas da UE	<ol style="list-style-type: none"> 1. Consideracións xerais. 2. O proceso de integración económica e as liberdades do mercado interior. 3. As políticas comúns da UE 4. As políticas compartidas da UE 5. As políticas nas que a UE dispón de competencias de cooperación, apoio, complemento ou axuda 6. A Acción Exterior da UE e a Política exterior e de seguridade común

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	14	62.5	76.5
Traballo tutelado	16	0	16
Exame de preguntas de desenvolvemento	2	0	2
Resolución de problemas e/ou exercicios	18.5	35	53.5
Exame de preguntas obxectivas	2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Nas sesións maxistrais presentárase e explicárase ao alumno os aspectos principais da disciplina
Traballo tutelado	Os traballos na aula divídiranse en diversas actividades nas que o alumno adquire un protagonismo fundamental. Estas actividades centraranse, basicamente, na realización de prácticas e exposición de traballos nas que o alumno debe saber manexar os diferentes instrumentos xurídicos europeos

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	Tanto na sesión maxistral como no horario de titorías o alumno poderá expor todas as cuestións ou dúbidas relativas á materia. As sesións de titorización poderán realizarse por medios telemáticos (correo electrónico, videoconferencia, foros da plataforma de teledocencia ...) baixo a modalidade de concertación previa. Prof. ^a Laura Movilla: http://dereito.uvigo.es/gl/docencia/profesorado/laura-movilla-pateiro/
Traballo tutelado	Tanto nas sesións de traballo en aula como nas titorías o alumno poderá expor todas as dúbidas relativas ás prácticas expostas. As sesións de titorización poderán realizarse por medios telemáticos (correo electrónico, videoconferencia, foros da plataforma de teledocencia...) baixo a modalidade de concertación previa. Prof. ^a Laura Movilla: http://dereito.uvigo.es/gl/docencia/profesorado/laura-movilla-pateiro/

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Exame de preguntas de desenvolvemento	Os coñecementos adquiridos nas sesións expositivas serán avaliados mediante un exame escrito con preguntas de desenvolvemento sobre epígrafes do programa. Este exame celebrárase na data establecida no calendario de exames aprobado pola xunta de facultade e valorárase até un máximo de 4 puntos (40%)	40	A1 A2 A5	B2 B5 B6	C4	D1 D2 D3 D6
Resolución de problemas e/ou exercicios	O traballo na aula das clases interactivas valorárase en atención aos traballos prácticos que serán obxecto de realización e exposición na aula. Valorárase cun máximo de 4 puntos (40%)	40	A1 A2 A5	B1 B2 B4 B5 B6	C4 C7 C8	D1 D2 D3 D6
Exame de preguntas obxectivas	Ao longo do cuadrimestre realizaranse dous exames de preguntas obxectivas (test) que se valorarán cun máximo de 1 punto (10%) cada un.	20	A1 A2 A5	B1 B5 B6	C4	D1 D2 D3 D6

Outros comentarios sobre a Avaliación

Esta materia ten dúas modalidades de avaliación: continua e final. O sistema de avaliación por defecto será o de avaliación continua. No caso de que o alumnado queira optar polo sistema de avaliación final, deberá facelo de maneira expresa, comunicándollo expresamente ao coordinador e ao profesor da materia (se non fosen a mesma persoa) no prazo dun mes desde o inicio do cuadrimestre.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN CONTINUA PARA 1ª EDICIÓN DE ACTAS

O alumnado que opte pola avaliación continua realizará ao longo do curso as diferentes probas descritas na apartado avaliación desta guía, é dicir, dous test, así como a resolución de casos prácticos e outras actividades que se farán durante as clases interactivas. Con estas probas poderán alcanzar un máximo de seis puntos. En todo caso, para poder seguir a modalidade de avaliación continua o alumnado deberá asistir a un 80% das clases expositivas e interactivas.

Ademais, o alumnado realizará un exame de preguntas de desenvolvemento, de carácter obrigatorio, que se celebrará na data prevista no calendario de exames da facultade e que puntuará cun máximo de 4 puntos. Só se sumará a cualificación das probas de avaliación continua se no exame alcánzase unha nota igual ou superior a dous puntos.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN FINAL PARA 1ª EDICIÓN DE ACTAS

Aqueles alumnos que non se sometan á avaliación continua, a proba para realizar, modalidade avaliación final, constará de dous partes: a realización dunha proba escrita con cuestións de desenvolvemento, así como a resolución dun caso práctico. A proba escrita cualificarase sobre un máximo de 6 puntos e a resolución do caso práctico sobre un máximo de 4. A nota da resolución do caso práctico só se sumará á da proba escrita a condición de que a cualificación obtida nesta sexa igual ou superior a 3. En todo caso, as competencias e resultados de aprendizaxe avaliados serán os mesmos que no sistema de avaliación continúa

CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA 2ª EDICIÓN DE ACTAS

1. Os alumnos que, optando polo sistema de avaliación continua non superen a materia na primeira oportunidade, conservaráselles a nota que obtivesen na avaliación continua cando se presenten á segunda oportunidade (exame de xullo e no seu caso, seguinte curso académico), tendo que realizar exclusivamente e con carácter obrigatorio, a parte teórica do exame que consistirá, do mesmo xeito que na primeira oportunidade, en preguntas de desenvolvemento que representan o 40% da nota. Así mesmo, só se sumará a cualificación das probas de avaliación continua se no exame alcánzase unha nota igual ou superior a 2 puntos (sobre 4). As competencias e resultados de aprendizaxe avaliados serán os mesmos que na primeira edición de actas.

2. Aqueles alumnos que optasen polo **sistema de avaliación final**, o sistema de avaliación será o que se establece nos criterios de avaliación final 1ª edición de Actas.

As datas e horarios das probas de avaliación das diferentes materias serán as especificadas no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Facultade para o Curso 2023-2024.

Publicación das cualificacións: As cualificacións publicaranse no plataforma interna ou aula virtual oficial da Universidade de Vigo con acceso limitado ao profesorado da materia e a todo o alumnado matriculado.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

DAVIES, K., **Understanding European Union law**, Roudledge, última edición

FOSTER, N., **EU law**, Oxford University Press, última edición

SHAHID, M. & SAID, L., **Cases and Materials: European Union Law**, Eleven International Publishing, última edición

HODSON, D. PUETTER, U., SAURUGGER, S. AND PETERSON, J., **The Institutions of the European Union**, Oxford University Press, última edición

Bibliografía Complementaria

MANGAS MARTÍN, A. y LIÑÁN NOGUERAS, D.J., **Instituciones y Derecho de la Unión Europea**, Tecnos, última edición

CHALMERS, D., DAVIES, G., MONTI, G., **European Union Law**, Cambridge University Press, última edición

SCHÜTZE, R., **An introduction to European Law**, Oxford University Press, última edición

Recomendacións

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Organizacións internacionais/O03G440V01207

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Dereito internacional público/O03G440V01204